



Xunta de Persoal docente de Lugo
7 de maio de 2024 ás 10,30 h. na Sala de Prensa do Edificio
Multiusos de Lugo

Asisten: STEG, CIG, CCOO, Fete-UXT, ANPE e CSI-F

1. Prazas de atención preferente

O STEG manifesta a conveniencia de dotar cunha praza de atención preferente o Ceip Illa Verde, dado o perfil de necesidades e o diagnóstico médico que viría cubrir esta praza e do que se da conta polo miúdo, botando man do propio informe emitido polo Departamento de Orientación do centro.

O xefe de Inspección expón algunhas observacións sobre este tipo de prazas, a conveniencia de que haxa unha continuidade, a formación do profesorado con destino definitivo do centro para dar esta atención, a existencia doutros recursos, etc...

O STEG insiste e mantén a súa reclamación da praza de atención preferente, pois este é un dos casos que verdadeiramente xustificaría a súa concesión polas consideracións médicas expostas e a situación de dotación de persoal do centro que así o aconsellaría.

O Inspector Xefe comprométese a revisar esta situación para valorar a inclusión desta praza de atención preferente. O Inspector Xefe comprométese a revisar esta situación para valorar a inclusión desta praza de atención preferente.

Dende Albeiros, Quiroga, Pantón, Monterroso, Virxe do Carme de Burela e Begonte reclámanse tamén prazas de atención preferente e ten lugar un debate sobre a conveniencia ou non de incluílas.

Tamén, faise alusión a dúas prazas preferentes do CEE Santa María que se retiran dúas prazas definitivas que, en todo caso, sairían no CADP.

Coméntase a petición dunha praza de atención preferente no Xoán de Requeixo de Chantada.

O Inspector Xefe comprométese a revisalas e tentarase dar resposta dun ou doutro xeito.

2. Acordo de mellora e estado do mesmo

O STEG e a CIG manifestan a este respecto a conveniencia de que se lles facilite ás OOSS un informe do incremento de unidades nos centros da provincia cara ao próximo curso.

O Inspector xefe coincide na conveniencia de facelo cando se peche o período de admisión para poder ver o estado de cousas.

3. CEIP DO VALADOURO

Exponse unha situación do centro que requiriría contribuír a resolvela para garantir o axeitado funcionamento do centro e o clima de convivencia do centro.

O Inspector Xefe intervirá en colaboración coa inspección do centro para buscar unha solución.

4. IES SANXILLAO

No curso actual había 4 prazos definitivas na especialidade de Servizos de Restauración, 3 desas persoas cambian de centro no CXT amortizándose esas prazas.

No vindeiro curso hai 19 sesións semanais de 2º de FP básica, máis 11 sesións en CS Dirección de Servizos en Restauración en réxime modular, por outra no vindeiro curso impártese o 2º curso do CM de Servizos de restauración en réxime dual cunha carga horaria de 23 horas.

O Inspector Xefe indica que as sesións referentes a 2º de FP básica asúmeas o profesorado especialista de Cociña, e que o baixo número de alumnado dos ciclos modulares e duais non aconsellan manter neste curso as prazas definitivas, pero comprométese a revisalo o vindeiro curso.

O STEG fai alusión ao estímulo e protección do tecido produtivo contido na Directiva 1999/70/CE do Consello Europeo, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, la UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada, así como a dotación de infraestruturas existentes no centro e a deriva en contra do pulo que se

lle pretende dar a FP, así como a dualización desta, e as reclamacións do tecido produtivo; ademais das consideracións horarias expostas e a necesidade de combater a provisionalidade.

5. EDIXGAL

Dende o STEG dáse traslado das dificultades que algúns centros encontran para abandonar o programa EDIXGAL. Coméntase entón a orde que rexe dito programa no tocante aos períodos de compromiso voluntario de participación e os requisitos contemplados para renunciar ao mesmo contidos na lexislación, relativos a pasar esa renuncia polo Claustro e o Consello Escolar previa remisión á Consellería.

6. Prazas con afíns no CADP

Trasládase a conveniencia de revisar cara ao CADP o perfil das prazas ofertadas no relativo ás afíns, respectando a discrecionalidade de que dispoñen os centros, pero insistindo na necesaria supervisión das mesmas por parte da Xefatura, no camiño de garantir a axeitada provisión das mesmas.

Varios

Coméntase que o día 15 convocouse o Comité de Seguridade e Saúde Laboral. Dende as OOSS coméntase que é esencial que se poña en marcha e que se mellore o seu funcionamento e así se lle fai constar ao Inspector Xefe, sendo un tema en todo caso que depende directamente de Recursos Humanos.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión, sendo as 12:20 h.